

III. OUTRAS DISPOSICIONES

Consellería da Presidencia e Administración Pública

Corrección de errores.—Relación de Candidaturas proclamadas polas Xuntas Electorais Provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, para as eleccións ó Parlamento de Galicia do 17 de decembro de 1989.

Vistas as certificacións enviadas polas Xuntas Electorais Provinciais nas que se recollen as candidaturas proclamadas en cada unha das circunscricións electorais e cotexadas coa relación de candidaturas proclamadas que aparece no suplemento número 223 do D.O.G. do 21 de novembro de 1989, obsérvanse os seguintes errores materiais sobre os que procede a correspondente corrección:

1.—O número 4 da candidatura número 10, corresponde ó «Partido Nacionalista Galego—Partido Galeguista» (P.N.G.—P.G.) publicado na páxina 5.592 do antedito suplemento, aparece o nome de «Andrés Francisco Fariña Cadenas» debendo dicir: «Andrés Francisco Fariña Cadenas».

2.—A candidatura número 15, da Xunta Electoral Provincial da Coruña, onde di: «15.—Los verdes de Galicia (VG) debe dicir: «Os verdes de Galicia (VG).

3.—O número 2 de suplentes da candidatura número 18 da Xunta Electoral Provincial de Lugo, onde di: «Dª Raquel Mantiñán Pedreira», debe dicir: «Dª Raquel Mantiñán Pedreira».

4.—O número 1 da candidatura número 4, correspondente ó Partido «Coalición Galega» (CG), publicado na páxina 5.599, aparece o nome de «Santos Orujo Bello», debe dicir: «Santos Oujo Bello».

5.—O número 8 da candidatura número 3, da Xunta Electoral Provincial de Ourense, onde di: «José Francisco Ferreira Abelleira», debe dicir: «José Francisco Ferreiro Abelleira».

6.—O número 6 da candidatura número 11, correspondente ó partido «Falange Española de las J.O.N.S.», publicado na páxina 5.600, onde di: «Andrés Torres Pol», debe dicir: «Andrés Torres Prol».

7.—O número 10 da candidatura número 13, correspondente ó Partido «Os Verdes Ecoloxistas», publicado na páxina 5.601, onde di: «Bonifacio Ruiz Díaz», debe dicir: «Bonifacio Ruiz Díez».

8.—O número 15 da candidatura número 9, correspondente ó Partido «Bloque Nacionalista Galego» B.N.G., publicado na páxina 5.604, onde di: «Antonio Torrón Fernández», debe dicir: «António Torrón Fernández».

9.—O número 7 da candidatura número 18, correspondente ó partido «Os Verdes de Galicia», publicado na páxina 5.606, onde di: «María Luis Silva González», debe dicir: «María Luisa Silva González».

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Orde do 11 de outubro de 1989 pola que se autoriza ó centro privado de Formación Profesional «Liceo La Paz» a impartir, con carácter provisional, a especialidade non regulada de Hixenista Dental de Formación Profesional de segundo grao.

Examinado o expediente promovido polos titulares do centro privado de Formación Profesional, solicitando autorización para impartir ensinanzas non reguladas ó amparo dos artigos 15, 20, 21 e 6, do Real Decreto 707/1976, do 5 de marzo, (B.O.E. do 12 de abril), sobre Ordenación da Formación Profesional. Tendo en conta que para imparti-las ensinanzas solicitadas se cumpren os requisitos establecidos na Orde do 23 de outubro de 1978 (B.O.E. do 13 de novembro).

Vistos os informes do Coordenador de Formación Profesional e a Delegación Provincial que eleva o expediente coa documentación necesaria,

Esta Consellería dispuxo:

Primeiro.—Autorizar ó centro privado de Formación Profesional «Liceo La Paz», con domicilio no polígono de Elviña, Barrio das Flores, As Cernadas, nº 20, da Coruña, a impartir con carácter provisional, as ensinanzas correspondentes á especialidade non regulada de Formación Profesional de segundo grao, de Hixenista Dental da rama sanitaria, conforme ó indicado nos artigos 15, 20, 21 e 6 do Real Decreto 707/1976, do 5 de marzo (B.O.E. do 12 de abril), e cos programas aprobados segundo a Orde do 8 de setembro de 1988 (B.O.E. do 30 de setembro), impartirá esta especialidade en réxime de ensinanzas especializadas.

Segundo.—Ó final de cada curso, en canto dure a experimentación, o centro enviará á Dirección Xeral de Renovación Pedagóxica do Ministerio de Educación e Ciencia, a través da Inspección Técnica de Formación Profesional, unha memoria detallada dela, sobre a cal informará a dita Inspección en tódolos seus detalles, e conterá datos obxectivos de avaliación, tanto interna coma externa.

Terceiro.—A Dirección Xeral de Renovación Pedagóxica solicitará dos centros autorizados a información que precise para avalia-lo desenvolvemento e resultado desta experiencia.

Cuarto.—O ensino que se autoriza nesta Orde polo réxime de ensinanzas especializadas, antes de ser aprobadas con carácter definitivo, serán sometidas ó disposto no artigo 21.7, do Real Decreto 707/1976, sobre ordenación da Formación Profesional, se o resultado da experimentación fose favorable.